



**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,610	0,00	<p><b>Respiro tras oito semanas consecutivas de subas:</b> Dende o 12 de maio ata a Lonxa do pasado martes, a cotización do cebo anotouse 8 subas consecutivas (precedida dunha baixa) (+0,20 €+18%) e sitúase en valores lixeiramente superiores á mesma semana de 2008. Tras este período de alzas, parece que se vai acadando o máximo estacional que soe darse todos os anos arredor da segunda quincena de xullo, aínda que non se descarta que as cotizacións poidan rabuñar algún céntimo máis nas vindeiras dúas semanas.</p> <p><b>Situación de mercado:</b> A oferta é axustada (normal nestas datas); o problema ven de que non se dá repercuto as subas do vivo na carne o que ameaza as marxes do matadoiro. Tendo en conta os datos do IPC, a carne de porco baixou no pasado mes de xuño un 0,2%, acumulándose -5,3% respecto a xuño do pasado ano.</p> <p><b>Mercados Europeos:</b> Os mercados Europeos voltan a estabilizarse tras o forte recorte rexistrado na pasada semana (-6 Alemania e Bélxica; -5,5 Francia e -4 Holanda) o que limita a competitividade da carne do Sur con respecto á destes mercados; porén á súa estacionalidade é de momento máis ou menos normal; <u>baixas no norte, subas no Sur e estabilidade no centro.</u> D</p>
SELECTO	1,335	0,00	
NORMAL	1,310	0,00	
CASTRADO	1,465	0,00	
CANAL II	1,701	0,00	
DESVELLE	0,77/0,83	0,00	

**BACORIÑOS**

PROCED	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
ÚNICA	1,95	39,00	+4,00	<p><b>Inusual suba na cotización dos bacoriños:</b> Aínda que na pasada semana se advertía de que os bacoriños puideran subir algún euro no presente mes, chama a atención o forte incremento; tras catro semanas de estabilidade, e cunhas cotizacións situadas nuns niveis normais para a época do ano na que nos atopamos sorprende este repunte (estes leitóns saíran xa en novembro, cando o cebo estacionalmente sofre en canto á súa cotización).</p> <p>As importantes subas do cebo, pero sobre de todo, a axustada oferta (á variable coxuntural súmase unha variable estrutural - a eliminación de porcas en meses anteriores, sobre todo de granxas de pequena dimensión, que son as que nutren o mercado libre de leitóns) parecen estar detrás desta suba.</p> <p><b>Previsións:</b> Resulta moi difícil facer unha previsión a curto prazo; a pesares da importante suba, falta por ver como se dixire pola parte compradora; o calendario de entradas antóllase claramente rematado, a xeración de prazas baleiras redúcese neste tempo, e o cebadoiro non parece que estea para moitas aventuras.</p>
VARIAS	1,70	34,00	+4,00	

**BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:**  
ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS).  
DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)

**OVOS**

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,73	0,00	1,73	0,00	<p><b>Estabilidade no mercado do ovo:</b> Despois da pequena variación nas gramaxes XL e M rexistradas na pasada semana, as cotizacións voltan, como era esperable, á senda da estabilidade; cun mercado estabilizado en termos de oferta e demanda; cunha demanda claramente a ralenti (normal nestas datas); cunhas existencias en granxa que repuntan lixeiramente nas gramaxes inferiores, pero que caen claramente nas gramaxes superiores; cuns mercados Europeos claramente estabilizados, e cunha compoñente estrutural de estabilidade, é de agardar que o actual nivel de cotizacións se manténa nas vindeiras semanas.</p>
L	1,37	0,00	1,37	0,00	
M	1,25	0,00	1,25	0,00	
S	0,99	0,00	0,99	0,00	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,16/0,28	0,00	<p><b>Estabilidade na cotización da galiña:</b> Pasado o mes de xuño, onde a galiña comezou o seu terceiro ciclo estacional cunha alza acumulada de 8 céntimos, a situación estabilizábase momentaneamente; dáse pois por rematada a reposición (masiva) de galiñas en granxa, o que implica unha redución da oferta e unhas cotizacións que a partires dagoira tenderán á estabilidade con posibilidade alterna de alzas.</p> <p>En comparación co 2008 a cotización segue sendo claramente menor (-9 céntimos; -24,32%).</p>

**COELLO**

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p><b>O problema segue estando no punto de venda:</b> A crise de prezos ameaza aos dous elos da cadea, despois de cinco semanas de estabilidade e cunhas cotizacións moi inferiores aos custos de produción; e ningún está cómodo; a produción por baixo de custos atópase cunha situación insostible tendo en conta que esta crise de prezos e custos de produción se ven arrastrando dende novembro de 2006; a Industria afronta un nivel de consumo moi baixo cunha presión da grande distribución sobre a canle que impide calquer movemento no vivo.</p>
NOVO	1,44 €	0,00	

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Recinto feiral, s/n  
36540 Silleda - Pontevedra  
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162  
[www.feiragalicia.com](http://www.feiragalicia.com)

En colaboración coa:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 14/07/2009**



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tífono 986-580050 / Fax 986-580162

<b>BECERROS RECRÍA</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>67.889</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>294</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>241</b>		

<b>RAZA FRISÓN</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	<b>78</b>	<b>*</b>
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	<b>101</b>	<b>39</b>
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	<b>114</b>	<b>56</b>

<b>RAZA CRUCES INDUSTRIAL</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	<b>292</b>	<b>218</b>
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	<b>324</b>	<b>259</b>
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	<b>357</b>	<b>285</b>

<b>RAZA RUBIA GALEGA</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	<b>434</b>	<b>*</b>
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	<b>448</b>	<b>*</b>
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	<b>509</b>	<b>348</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>VACUNO MAIOR</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>108.384</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>192</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>165</b>		

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PRECIO SEMANAL</b>
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	<b>1.581</b>
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	<b>1.030</b>
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	<b>543</b>
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	<b>269</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>BECERROS CARNICEIROS</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>34.214</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>55</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>37</b>		

<b>PRECIOS KG/ VIVO</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
RAZA FRISÓN	<b>1,37</b>	<b>1,26</b>
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	<b>2,28</b>	<b>2,37</b>
RAZA RUBIA GALEGA	<b>2,45</b>	<b>2,36</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría